MARTA GIRALDEZ BARRAL (1 para 1)
Presidenta
Data de Sinatura: 19/08/2022
HASH: a7f4e7f6e42587bb1f58a0ad983bf163

CONTRATO DE ARRENDAMENTO DUN LOCAL PARA UBICACIÓN DO OBRADOIRO DE HOSTALERÍA DO SALNÉS.

TRAMITACIÓN URXENTE. LICITACIÓN ELECTRÓNICA.

VALOR ESTIMADO DO CONTRATO: 54.000,00 € SEN IVE (1 ANO + 2 PRÓRROGAS)

PRESUPOSTO BASE DE LICITACIÓN: 18.000,00 €; IVE: 3.780,00€; TOTAL: 21.780,00 € (1 ANO)

DNA.MARTA GIRÁLDEZ BARRAL, PRESIDENTA DA MANCOMUNIDADE DO SALNÉS, PROVINCIA DE PONTEVEDRA.

PROVIDENCIA DA PRESIDENCIA DE INICIO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN

A Mancomunidade do Salnés vén desenvolvendo durante os últimos anos un obradoiro dual de emprego de hostalería no termo municipal de Sanxenxo; un taller de emprego e formación dirixido ás persoas desempregadas de toda a Comarca do Salnés.

Os obradoiros de emprego configúranse como programas mixtos de emprego e formación que ten por finalidade mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas mediante a realización de obras ou prestación de servizos de interese xeral e social que posibiliten aos alumnos obter unha cualificación profesional que favoreza a súa posterior inserción laboral no mercado laboral.

A realización do proxecto do obradoiro dual de emprego denominado “HOSTALERIA DO SALNÉS XIV” está supeditada a financiamento pola Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade e prevé formación de 20 alumnos/as traballadores/as, distribuídos nas especialidades formativas de cociña e restaurante bar co fin de ser inseridos no mundo laboral.

Vista a Resolución, con data de 28 de xullo de 2022, da Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade, pola que se establece como data prevista para o inicio do “O.E. HOSTALERIA DO SALNÉS XIV” o día 01 de outubro de 2022.

Visto que a Mancomunidade non pode seguir utilizando as instalacións anteriores do obradoiro; que a data de inicio do mesmo está próxima e que a Mancomunidade do Salnés non dispón dun espazo habilitado para o desenvolvemento de tales actividades, resulta imprescindible dispoñer dun local, a fin de impartir a formación ao alumnado-traballador que participará na próxima edición.

Visto que na memoria e na subvención concedida pola Consellería determínase que o proxecto se vai a desenvolver no concello de Sanxenxo.

Á vista das características deste contrato privado de alugueiro, proponse a adxudicación mediante concurso público, atendendo ao disposto na disposición adicional segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Cod. Validación: 5DLX3Z5S4TL3F4AAZT9TSQRRG | Corrección: https://mancomunidadedosalnes.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2

Vista a declaración de urxencia para a tramitación do expediente.

Dada a necesidade de levar a cabo a contratación externa a través do alugueiro dun local que cumpra cos requisitos de idoneidade e salubridade.

Por todo iso, **DISPOÑO:**

PRIMEIRO.-

Ordenar a incoación do expediente do contrato, mediante concurso público e tramitación urxente, para o alugueiro dun local, a fin de situar o Obradoiro dual de emprego de hostalería.

O réxime xurídico do contrato é un negocio xurídico excluído da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (artigo 9.2).

SEGUNDO.-

Que a intervención emita un informe sobre a porcentaxe que supón a contratación, en relación cos recursos ordinarios do orzamento vixente, para os efectos de determinar o órgano competente para contratar, así como a aplicación orzamentaria.

TERCEIRO.-

Que a secretaría emita un informe sobre a lexislación aplicable e sobre o procedemento que hai que seguir, así como a redacción do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o Prego de Prescricións Técnicas.

Cambados, á data da sinatura electrónica.

A PRESIDENTA,

Marta Giráldez Barral.

Cod. Validación: 5DLX3Z5S4TL3F4AAZT9TSQRRG | Corrección: https://mancomunidadedosalnes.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2